



Entidade Local Menor de Bembrive

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 5/2021, DO DIA 13 DE XULLO DE 2021

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e sete minutos do martes día 13 de xullo de 2021, previa convocatoria de sesión extraordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 8 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O acto celébrase coas restricións establecidas polas autoridades sanitarias debido ao COVID-19, retransmitido en directo a través de vídeo na páxina web www.bembrive.org para garantir o principio de publicidade.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA:

- 1. Proposta da Alcaldía sobre o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 3/2021 por importe total de 33.070,80 €.**
- 2. XIII prórroga do contrato de arrendamento da caseta e instalacións do parque forestal de Bembrive, expte 30/2021.**
- 3. Adxudicación de contrato para aproveitamento madeireiro núm. 1/2020 a risco e ventura incendio / temporal / pragas /quenda / claras, no monte de U.P. 563 “San Cibrán, Aradas e outros”, expediente núm. 360572000002, expte 65/2020.**

Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

- 1. Proposta da Alcaldía sobre o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 3/2021 por importe total de 33.070,80 €.**

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

Dase conta do informe-proposta do Sr. Alcalde-Pedáneo de 08.07.2021, co seguinte contido:

“En relación co expediente de aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 3/2021, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - Examinada a relación de xustificantes de gasto 2021 12 que se recolle no listado que se adxunta, comprobouse que corresponde a subministrados e servizos realizados correctamente ao longo dos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 polo que procedería o recoñecemento da obriga económica dela derivada, así como o seu posterior pagamento en cumprimento do principio do non enriquecemento inxusto, tal e como se indica na memoria emitida polo Alcalde-Pedáneo con data 8 de Xullo de 2021.

As anteditas facturas non foron aprobadas nin imputadas ao orzamento dos exercicios nos que se executou o gasto por carecer de consignación orzamentaria.

Posto que se trata de bens subministrados e servizos prestados en exercicios anteriores, consonte a normativa reguladora da facenda local o mecanismo axeitado para a súa aprobación e pagamento é a inclusión nun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por conta das aplicacións orzamentarias do ano 2021.

SEGUNDO. – Con data 8 de Xullo de 2021 emitiuse Providencia de Alcaldía-Pedanía solicitando emisión de informe por parte de Secretaría-Intervención para, posteriormente, formular a proposta que corresponda.

TERCEIRO.- Con mesma data emitiuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Artigos 163, 169.3, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*

Por isto, visto o informe da secretaria-interventora que obra no expediente, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. - Tomar conta das observacións feitas pola secretaria-interventora no seu informe de data 8 de Xullo de 2021, que consta incorporado ao expediente, e levantar o reparo suspensivo correspondente.

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

SEGUNDO. – Esta Alcaldía proponlle á Xunta Veciñal que adopte, se procede, o seguinte ACORDO:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2021 a efectuar ao abeiro do artigo 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, para o abono das facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto 2021 12 anexa por importe total conxunto de 30.070,80 euros, correspondentes a exercicios anteriores que a continuación se relacionan:

Ano	Núm facturas	Importe total (€)
2015	2	12.547,7
2016	5	17.036,8
2017	2	1.222,4
2018	2	1.174,3
2019	1	508,80
2020	1	580,80
TOTAL	13	33.070,80

TERCEIRO. - Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2021, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións presupostarias indicadas na columna do listado que se achega”.

.....

Conclusións do Informe da Secretaria Interventora do 08.07.2021, no que se interpón reparo suspensivo:

Primeira. - As prestacións amparadas nas facturas incluídas no presente expediente foron obxecto dunha contratación irregular, na medida en que foron adquiridas sen control previo por parte da Intervención desta Entidade e, polo tanto, con unha falta absoluta de procedemento e sen verificar a existencia de crédito orzamentario no momento de realizar o encargo da prestación correspondente, o que supón, conforme ao disposto na normativa sobre contratación, a nulidade absoluta ou de pleno dereito da relación negocial entre a Entidade Local Menor e as persoas ou entidades prestadoras dos servizos de referencia. A estes efectos, cabe mencionar que a infracción dos preceptos contados no TRLCSP atópase tipificada como falta moi grave na normativa vixente, incurrindo as autoridades e persoal responsables das actuacións de carácter irregular en responsabilidades de diversa índole tal e como se ten exposto no presente informe.

Segunda. - En virtude do principio xeral do dereito según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento de outro, nace unha obrigaón ex lege, e a Administración ha de restituir o enriquecemento. Por tanto, o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no artigo 60.2 do RD 500/1990, que ven a dar resposta á situación administrativa que nos ocupa, preséntase como un instrumento de gasto para facer efectiva a liquidación prevista no apartado 1 do artigo 35 do TRLCSP, que trae causa da resolución dun expediente de revisión de oficio e a súa finalidade é evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Terceira. - Toda vez que o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito supón imputar ao orzamento corrente gastos realizados sen contar coa consignación

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

orzamentaria correspondente, a sua utilización debe aplicarse con carácter excepcional, correspondendo a competencia para a adopción do acordo á Xunta Veciñal da Entidade Local Menor.

Cuarta. - No expediente constan as facturas orixinais ou copias emitidas, memoria do Alcalde-Pedáneo no que se expón brevemente as causas que impediron a tramitación das facturas conforme aos procedementos previstos na normativa de contratación, así como a dilixencia incorporada nas facturas que conforma o expediente na que expresa a conformidade cos servizos e subministros realizados que se describen nos respectivos documentos, en canto a calidade, cantidade e prezo, facendo constar expresamente que a súa imputación aos créditos do orzamento vixente non afectará ao normal desenvolvemento dos servizos e actividades que presta a Entidade Local Menor de Bembrive.

Quinta. - Cabe sinalar que a contía que representa o gasto derivado do presente expediente supón unha diminución da capacidade de financiamento da ELM de Bembrive en termos de contabilidade nacional, a súa aprobación e execución pon en risco o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria así como o teito de gasto computable, coas consecuencias que se derivan de tales incumprimentos na normativa de aplicación, en particular, incorporar á realización de calquera gasto a certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente asinada pola Interventora desta ELM.

A estes efectos, cabe mencionar que como consecuencia do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación orzamentaria, a Entidade Local Menor de Bembrive deberá aprobar un plan económico-financeiro que permita, no ano en curso e no seguinte, o cumprimento do citado obxectivo e da regra de gasto, co contido e alcance previstos nos artigos 21 e seguintes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, nos termos expostos nos sucesivos informes de intervención ás liquidacións orzamentarias.

Sexta. - Tendo en conta a situación descrita deben seguir adoptándose as medidas de xestión económica e orzamentarias precisas para evitar que se repita a circunstancia de ter facturas pendentes de aplicar, correspondentes a exercicios pechados para ser aprobadas no vindeiro ano. Así mesmo, deberán establecerse mecanismos de control do gasto no exercicio 2020 que garantan que este se execute previa comprobación da existencia de crédito axeitado e suficiente e da correcta realización das previsións de ingresos, xa que un dos principios esenciais da xestión do gasto público é o da preceptiva existencia de crédito con anterioridade á súa realización. As obrigacións da facenda local nacen aínda que non exista dotación orzamentaria agora ben, para que sexan esixibles e se proceda ao seu pago, en condicións normais, debe existir a correspondente consignación orzamentaria.

Neste mesmo orde de ideas e tendo en conta actual coxuntura socio-económica é preciso advertir que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 7.2 dispón que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

Os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación das Administracións Públicas que afecten aos gastos ou aos ingresos

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse estrictamente ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

O gasto proposto neste REC 3/2021, ao executarse por conta dos capítulos 2 e 6 do orzamento e financiarse íntegramente con recursos propios e non con ingresos afectados de orixe externa (subvencións e achegas doutras entidades), afectan ou interveñen no cálculo da estabilidade orzamentaria da Entidade, entendida como capacidade ou necesidade de financiamento consonte os criterios establecidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais ou Rexionais. A grandes rasgos e sen prexuízo dos axustes que sexa preciso practicar, en termos xerais se os gastos non financeiros (obligacións recoñecidas dos capítulos 1 a 7 que xordan da liquidación do orzamento deste ano) son superiores aos ingresos non financeiros (dereitos recoñecidos dos capítulos 1 a 7 liquidados) a entidade local incurriría nunha situación de necesidade de financiamento e inestabilidade orzamentaria, coa conseguinte obrigación de aprobar un plan económico-financieiro nos termos do artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril. En caso contrario, se os ingresos non financeiros son superiores aos gastos a entidade presentará capacidade de financiamento.

Feita esta advertencia cómpre indicar que a experiencia do último ano (2017) amosa unha situación na que esta Entidade cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria regulado no artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, arroxando unha capacidade de financiamento de 2.035.878,29 €. Así o demostra os datos da última liquidación aprobada do ano 2017, se ben ese dato débese ao ingreso do xustiprecio polos terreos destinados á obra “Ampliación do CUVI 2º fase” e ao feito de non poder aplicar a modificación de crédito aprobada na Xunta Veciñal o 20/09/2017 por importe de 777.255,18 € debido a situación de excedencia por coidado de familiares da titular do posto de Secretaría-Intervención.

A estes efectos, advírtese por parte desta Intervención, da necesidade urxente de aprobar as liquidacións dos exercicios anteriores para tramitar as correspondentes modificacións de crédito para aplicar o elevado saldo da conta 555 “Pagos pendentes de aplicar” ao orzamento derivado das numerosss sentenzas e embargos automáticos dos Xulgados.

Sétima. - Según os datos contidos na base de datos de contabilidade da Entidade, na actualidade existen por diversos motivos alleos a esta Intervención un elevado número de facturas de exercicios anteriores que se atopan pendentes de conformidade, tramitación, aprobación e posterior pago, e outras pagadas pendentes de aplicación ao orzamento.

Esta forma de actuar supón unha vulneración sistemática do disposto no artigo 187 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL que establece a orde de prelación de pagos, de tal forma que á hora de realizar a expedición das ordes de pago, terán prioridade as obrigas contraídas nos exercicios anteriores que se atopan pendentes de pago e as que entraron con anterioridade no Rexistro desta Entidade, así como da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, que recollen a necesidade de tramitar os expedientes por riguroso orde cronolóxico de incoación dos mesmos, determinada, cando se trata de expedientes administrativos de gasto, pola data de presentación da factura no rexistro correspondente.

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

Oitava. - No orzamento vixente existe crédito adecuado e suficiente ao nivel de vinculación xurídica dos créditos establecido na Base 6ª de Execución dos orzamentos da Entidade Local Menor (área de gasto/capítulo) para facer fronte ás obrigas económicas derivadas das actuacións que motivan o presente expediente, sen prexuízo das repercusións orzamentarias que poden resultar desta imputación.

Novena. - Unha vez sexa, de ser o caso, adoptado o acordo polo órgano competente, remitirase á Intervención, procedéndose nese momento a efectuar a toma de razón deste.

Décima. - O presente informe constará e formará parte do informe que sobre a liquidación do orzamento do presente exercicio debe emitir a Intervención en aplicación do artigo 191.3 do TRLRFL e incorporárase, adicionalmente, ao expediente que sobre a Conta Xeral debe formar e redactar esta Intervención en aplicación do artigo 212.2 da normativa anteriormente citada.

.....

Non se producen máis intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes, acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

2. XIII prórroga do contrato de arrendamento da caseta e instalacións do parque forestal de Bembrive, expte 30/2021.

Dase conta da proposta do Alcalde-Pedáneo de 08.07.2021, co seguinte contido:

“En relación co contrato de arrendamento da Caseta do Parque forestal, a Xunta Veciñal en sesión do 11 de maio de 2020 acordou:

“Primeiro.- Autorizar a prórroga do contrato de arrendamento suscrito con Dª María del Carmen Romero Núñez da caseta e instalacións do Parque Forestal de Bembrive por un período de un ano a contar desde o 1 de maio de 2020, coas seguintes cláusulas:

1. *A extinción do contrato por acordo da Entidade Local Menor de Bembrive non dará lugar a indemnización algunha a favor do arrendatario.*
2. *O prezo do contrato será de 645,77 euros mensuais, que se abonarán antes do día cinco de cada mes en curso.*
3. *O contrato de arrendamento do 31 de xaneiro de 2000 continúa vixente naquelo no que non se opoña a estas cláusulas, estando vixentes as modificacións acordadas pola Xunta Veciñal o día 28 de maio de 2014, recollidas no documento de modificación contractual de 6 de xuño de 2014.*
4. *A interesada presentará nesta Entidade, antes do 31 de maio de 2020, a xustificación da prórroga do contrato de seguro ata o 30 de abril 2021.”*

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

Segundo.- Facultar á Alcaldía Pedanía para que recabe da arrendataria a sinatura da prórroga do contrato aquí acordada.”

A situación xurídica e urbanística da caseta segue a ser a mesma que en maio de 2020.

*En documento anexo, expedido telemáticamente polo INE das variacións do IPC desde o mes de xaneiro de 2020 ata xaneiro de 2021, que resulta ser positiva por 0,5 %, en consecuencia se actualiza a renta mensual de ata **649,00 €** para o período de maio de 2021 a abril de 2022.”*

Pola Secretaría Intervención emitíuse un informe, tal como se fixo con ocasión das prórrogas anteriores, co seguinte resume:

“Infórmase que para prorrogar o contrato de arrendamento ou realizar calquera outro acto de administración sobre as referidas instalacións, como contrato de arrendamento, ou concesión administrativa, é necesario que previamente:

A Entidade depure as súas facultades de administración sobre as instalacións obxecto do contrato, clarificándoas e delimitándoas coas que ten adquiridas o Concello de Vigo derivadas da cesión realizada.

Se obteña información urbanística do Concello de Vigo para saber os usos posibles das instalacións segundo a normativa urbanística vixente.

Se obteña licenza de uso da caseta en cuestión.

Se instrúa e resolva o pertinente expediente de contratación conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

En tanto non se susbanen estos elementos, non procede a prórroga do contrato.”

En consecuencia, CONSIDERANDO:

1º Que as instalacións e servizos que se prestan constitúen unha importante contribución ao recreo e benestar da poboación en xeral, da veciñanza de Bembrive en particular.

2º Que, dada a súa situación, as instalacións non poden ser abandonadas e sometidas a riscos de vandalismo e destrución por desaprensivos.

3º Que a prórroga do uso non perxudica a terceiros nin tampouco limita o uso que a Entidade ou ben o Concello de Vigo queira facer no futuro das referidas instalacións.

4º Que o contrato de arrendamento constitúe unha fonte de ingresos necesaria para a Entidade.

5º Que Dª María del Carmen Romero Núñez, actual adxudicataria do contrato de arrendamento da caseta, está interesada na prórroga do contrato por un ano, como mínimo.

6º Que a interesada ten subscrita unha póliza de seguros que debe ser actualizada ata a finalización da prórroga que se propón.

Por todo elo, e como medida provisional,

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

PROPOÑO que a Xunta Veciñal da ELM de Bembrive adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar a prórroga do contrato de arrendamento suscrito con D^a María del Carmen Romero Núñez da caseta e instalacións do Parque Forestal de Bembrive por un período de un ano a contar desde o 1 de maio de 2021, coas seguintes cláusulas:

- a) A extinción do contrato por acordo da Entidade Local Menor de Bembrive non dará lugar a indemnización algunha a favor do arrendatario.
- b) O prezo do contrato será de 649,00 euros mensuais, que se abonarán antes do día cinco de cada mes en curso.
- c) O contrato de arrendamento do 31 de xaneiro de 2000 continúa vixente naquelo no que non se opoña a estas cláusulas, estando vixentes as modificacións acordadas pola Xunta Veciñal o día 28 de maio de 2014, recollidas no documento de modificación contractual de 6 de xuño de 2014.
- d) A interesada presentará nesta Entidade, antes do 31 de xullo de 2021, a xustificación da prórroga do contrato de seguro ata o 30 de abril 2022."

Segundo.- Facultar á Alcaldía Pedanía para que recabe da arrendataria a sinatura da prórroga do contrato aquí acordada".

.....

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

- 3. Adxudicación de contrato para aproveitamento madeireiro núm. 1/2020 a risco e ventura incendio / temporal / pragas /quenda / claras, no monte de U.P. 563 "San Cibrán, Aradas e outros", expediente núm. 360572000002, expte 65/2020.**

Dase conta da proposta do Sr. Alcalde-Pedáneo do 02.07.2021, co seguinte contido:

"A Alcaldía-Pedanía desta Entidade Local propón adxudicar o contrato de aproveitamento madeireiro 1/2020 de conformidade á seguinte proposta da mesa de contratación do 10 de xuño de 2021:

"Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo as 12.00 horas do día 10 de xuño de 2021 réunese a Mesa de Contratación integrada polos seguintes membros:

*Presidente. Marcos Castro González, Alcalde Pedáneo.
Vogal. D. José González Domínguez, vocal da Xunta Veciñal.
Secretaria. Patricia Alvarellos Leis, secretaria da Entidade Local.*

Asiste ademáis, sen voto, Ezequiel Fernández Cancelas, axente medioambiental da

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

Consellería do Medio Rural.

É obxecto da reunión proceder a apertura das ofertas presentadas na enaxenación do aproveitamento madeirable a risco e ventura / incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie aproximada de 8,00 hectáreas de *Pinus Pinaster* e *Eucaliptus Globulus* no Monte U.P. nº 563 San Cibrán, Aradas e outros.

O anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 88 do 11.05.2021.

Segundo resulta do informe do encargado do Rexistro desta Entidade, no prazo indicado na Cláusula 9 do Prego presentáronse cinco ofertas, realizadas polas empresas que a continuación se detallan:

Data	Nº RE	Empresa	CIF
07.06.2021	143	Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.	A36030617
07.06.2021	144	Maderas Fontán S.L.	B36130631
07.06.2021	145	Maderas Manuel Gil Alonso S.L.	B36054500
07.06.2021	146	Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L.	B15738768
07.06.2021	147	Carballeira Forestal S.L.	B27874601

Constituída a Mesa procédese a apertura dos “SOBRES A – DOCUMENTACIÓN” considerando a Mesa que a documentación esixida na Cláusula 11 do Prego atópase completas en todos os casos, excepto nos supostos que a continuación se indican:

Empresa	Doc. pendente de subsanar	Efectos
Maderas Manuel Gil Alonso S.L.	b), c) e d)	Subsanable
Carballeira Forestal S.L.	b), c), d) e e)	Non subsanable

b): Declaración xurada de maquinaria, material e equipo técnico que se utilizará no aproveitamento, que conterà como mínimo dúas motoserras, un autocargador e dous peóns forestais con experiencia neste tipo de aproveitamentos.

c): Declaración xurada de aproveitamentos similares realizados a terceiros nos últimos cinco anos con indicación do terceiro, lugar, data e prezo, cun mínimo acumulado de 500 m³ de madeira extraída.

d): Declaración responsable de (i) non estar incurso nalgúns dos supostos de prohibición de contratar a que se refire o artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; de (ii) atoparse ao corrente coas obrigas tributarias, impostas pola lexislación estatal ou autonómica e (iii) de atoparse ó corrente cas obrigas da Seguridade Social, sen prexuízo da xustificación acreditativa de tales requisitos antes da adxudicación definitiva, polo licitador a cuxo favor se vaia efectuar ésta.

e): Resgardo acreditativo de constitución da fianza provisional (1.186,79 €), en calquera das formas autorizadas en dereito.

A vista da documentación presentada, a Mesa, por unanimidade, acorda deixar fóra da

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

licitación á empresa Carballeira Forestal S.L., con CIF: B27874601 e conceder á empresa Maderas Manuel Gil Alonso S.L., con CIF: B36054500, un prazo de tres días dende a notificación para a subsanación da documentación.

De non cumprir no prazo indicado as obrigas sinaladas o Alcalde Pedáneo acordará a incautación da fianza provisional e a Mesa propondrá adxudicar provisionalmente a enaxenación o licitador que houbera presentado a seguinte oferta mais ventaxosa.

De seguido, en sesión pública, procédese a apertura dos “SOBRES B – OFERTA ECONÓMICA” no que constan as seguintes proposicións:

1º.- D. JESÚS BAQUERO MOREIRA con domicilio en Rúa Benito Corbal, nº 16, concello de Pontevedra. Provincia Pontevedra. Código Postal:36001 y con D.N.I. nº 35210395-V en representación da mercantil Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A. según acredita mediante copia de escritura de poder que adxunto.

Que conforme o anuncio publicado no BOP de Pontevedra de data 11 de maio de 2021 teño coñecemento da poxa pública para a enaxenación do aproveitamento maderable a risco e ventura incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie de 8,00 hectáreas, de Pinus Pinaster e Eucalyptus Globulus (volume: 1.981,46 e 218,97 m³ respectivamente) no Monte U.P. San Cibrán, Aradas e outros nº 563 da Entidade Local Menor de Bembrive, con autorización 360572000002 da Xefatura do Servizo de Montes da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Que mediante o presente escrito oferto un prezo por m3 de 37,85 € para o Pinus Pinaster e de 32,35 € para Eucalyptus Globulus, sen IVE engadido, polo que, sendo 2.200,43 m3, oferto un prezo de adxudicación de OCHENTA Y DOS MIL CIENTO VEINTEOCHO € (82.128 €), sen IVE engadido.

Que acepto incondicionalmente os dereitos e obrigas que se derivan do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen a contratación.

2º.- D JOSÉ MANUEL FONTÁN MONTOTO con DNI 76855283R con domicilio en LGR. TOMBO Nº 3 OUBIÑA, 36.635 CAMBADOS (PONTEVEDRA), en nome de MADERAS FONTÁN S.L con CIF B- 36 130 631 e domicilio fiscal no LGR. TOMBO nº 3 OUBIÑA, 36635 CAMBADOS (PONTEVEDRA).

Que conforme o anuncio publicado no BOP de Pontevedra de data 11 de MAIO do 2021 teño coñecemento da poxa pública para a enaxenación do aproveitamento maderable no Monte U.P. San Cibrán, Aradas e outros nº 563 da Entidade Local Menor de Bembrive, con autorización 360572000002 da Xefatura do Servizo de Montes da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Que mediante o presente escrito oferto a cantidade de NOVENTA MIL QUINCE EUROS € (90.015€), sen IVE engadido, polo aproveitamento madeirable do expediente 360572000002, sendo o prezo base de taxación do expediente citado de 59339,71€ (Cincuenta e nove mil trescentos trinta e nove euros setenta e un céntimos), sen IVE engadido.

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

Aos efectos oportunos declara coñecer e aceptar na súa totalidade o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación deste aproveitamento.

3º.- D JUAN JESUS MACEIRA MACEIRA con domicilio en BARO. LEVADA – MOSENDE, 34, municipio de PORRIÑO e DNI nº 35555174 A en representación da mercantil MADERAS MANUEL GIL ALONSO, S.L., según acredito mediante copia de escritura de poder que adxunto.

Que conforme o anuncio publicado no BOP de Pontevedra de data 11.05.2021 teño coñecemento da poxa pública para a enaxenación do aproveitamento madeirable no Monte U.P. San Cibrán, Aradas e outros nº 563 da Entidade Local Menor de Bembrive, con autorización 360572000002 da Xefatura do Servizo de Montes da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Que mediante o presente escrito oferto un prezo 108.151 €, CIENTO OCHO MIL CIENTO CINCUENTA Y UN EUROS, sen IVE engadido.

Que acepto incondicionalmente os dereitos e obrigas que se derivan do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen a contratación.

4º.- D JOSÉ LUIS SOUTO ESPÍNEIRA, con domicilio en Lugar A Carballeira – Aiazo sn, municipio de FRADES, provincia de A CORUÑA, e DNI nº 76.337.700X en representación da mercantil EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L., con C.I.F. B15.738.768 (según acredito mediante copia de escritura de poder que adxunto).

Que conforme o anuncio publicado no BOP de Pontevedra de data 11.05.2021 teño coñecemento da poxa pública para a enaxenación do aproveitamento madeirable a risco e ventura incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie de 8,00 hectáreas, de Pinus Pinaster e Eucalyptus Globulus (volumen: 1.981,46 e 218,97 m³ respectivamente) no Monte U.P. San Cibrán, Aradas e outros nº 563 da Entidade Local Menor de Bembrive, con autorización 360572000002 da Xefatura do Servizo de Montes da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Que mediante o presente escrito oferto un prezo por m3 de 43,43 € CUARENTA E TRES CON CUARENTA E TRES para o Pinus Pinaster e de 43,43 € CUARENTA E TRES CON CUARENTA E TRES para Eucalyptus Globulus, sen IVE engadido, polo que, sendo 2.200,43 m3, oferto un prezo de adxudicación de 95.578 EUROS, sen IVE engadido.

Que acepto incondicionalmente os dereitos e obrigas que se derivan do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen a contratación.

5º.- D Jose Serodio Peres con domicilio en Cela, municipio de Mos e DNI nº 36072830-K en nome propio (ou en representación da mercantil Carballeira Forestal SL según acredito mediante copia de escritura de poder que adxunto). Que conforme o anuncio publicado no BOP de Pontevedra de data 07.06.2021 teño coñecemento da poxa pública para a

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



Entidade Local Menor de Bembrive

enaxenación do aproveitamento madeirable a risco e ventura incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie de 8,00 hectáreas, de Pinus Pinaster e Eucalyptus Globulus (volume: 1.981,46 e 218,97 m³ respectivamente) no Monte U.P. San Cibrán, Aradas e outros nº 563 da Entidade Local Menor de Bembrive, con autorización 360572000002 da Xefatura do Servizo de Montes da Xefatura Territorial en Pontevedra da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Que mediante o presente escrito oferto un prezo por m³ de 29,77 € para o Pinus Pinaster e de 36,07 € para Eucalyptus Globulus, sen IVE engadido, polo que, sendo 2.200,43 m³, oferto un prezo de adjudicación de 66.886,30 EUROS, sen IVE engadido. Que acepto incondicionalmente os dereitos e obrigas que se derivan do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas e Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen a contratación.

Polo tanto, as ofertas, clasificadas de maior a menor prezo, son as seguintes:

Orde	Data RE	Nº. RE	Empresa	Oferta económica*
1º	07.06.21	145	Maderas Manuel Gil Alonso S.L.	108.151,00
2º	07.06.21	146	Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L.	95.578,00
3º	07.06.21	144	Maderas Fontán S.L.	90.015,00
4º	07.06.21	143	Explotaciones Forestales del Noroeste, S.A.	82.128,00
5º	07.06.21	147	Carballeira Forestal S.L.	66.886,30 (Excluída)

*en €, IVE excluído

A Mesa de Contratación, verifica que a oferta económica máis vantaxosa que supera o prezo base de licitación é a presentada pola empresa "Maderas Manuel Gil Alonso S.L.", por unanimidade, propón á Xunta Veciñal, no caso de que subsane a documentación no prazo de tres días hábiles contados dende a data de notificación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Adjudicar provisionalmente á empresa Maderas Manuel Gil Alonso S.L. a enaxenación do aproveitamento madeirable a risco e ventura / incendio / temporal / pragas / quenda / claras, nunha superficie de 8,00 hectáreas de Pinus Pinaster e Eucalyptus Globulus no Monte U.P. nº 563 San Cibrán, Aradas e outros polo prezo ofertado de 108.151,00 euros máis o IVE correspondente.

Segundo: Notificar o adjudicatario a mercantil adjudicataria o presente acordo o efecto de que no prazo dos sete días seguintes o da súa recepción presente documentación suficiente que acredite atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias e de Seguridade Social, así como xustificante de ter depositada a fianza definitiva provisional do contrato.

Terceiro: Facultar o Alcalde Pedáneo para acordar a adjudicación definitiva unha vez sexa acreditado no expediente o cumprimento das obrigas sinaladas no apartado anterior.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente".

.....

Acta da sesión extraordinaria da Xunta Veciñal núm. 5/2021, do 13.07.2021



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20.23 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis